



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTES)

Anuncio

CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2023

RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2023, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día once de agosto de dous mil vinte e tres, acordou:

1.- *Aprobar a resolución provisional de concesión de premios a deportistas individuais, anualidade 2023, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base sétima e ao previsto na base terceira respecto da contía e distribución de premios, das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.*

2º.- *O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

3º.- *Notificar o presente acordo provisional aos interesados/as de acordo ao previsto na base oitava da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.*

De acordo co punto OITAVO. *Acordos de resolución e notificacións. Acordo de resolución provisional*, das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no no BOP N.º 190, de sábado, 19 de agosto de 2023 (**RESOLUCIÓN PROVISIONAL DEPORTISTAS INDIVIDUAIS 2023**) da notificación aos interesados do acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados poidan presentar alegacións. O referido anuncio tamén se publicou na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

En consecuencia e en aplicación do referido acordo e das previsións recollidas nas bases da convocatoria, o acordo de carácter provisional de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o o día once de agosto de dous mil vinte e tres, **terá carácter definitivo por finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións** e, en consecuencia, procédese á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. O referido anuncio tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

Ao abeiro do previsto no punto OITAVO. *Acordos de resolución e notificacións.* das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP. O referido anuncio tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

O que se notifica para os efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto no punto 21. *Réxime de recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 8 de setembro de 2023.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04/07/2023. O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social. Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero

R. 2879

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

- E D I C T O -

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, notifícase colectivamente a liquidación do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana, rústica e características especiais, Imposto sobre Actividades Económicas, exercicio 2023, segundo ó seguinte detalle:

- Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana, rústica e características especiais:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Oulol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

* Os padróns dos Concellos de Burela e Foz, exercicio 2023 foron aprobados por Resolución da Presidencia de data 23 de maio de 2023 (publicados no BOP núm. 127 do 5 de xuño de 2023).

- Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Oulol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

Os Padróns quedan expostos ao público nos taboleiros de anuncios do concello, da Deputación Provincial e Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (**Ronda da Muralla, 140, Pavillón 1 – 27004 - Lugo**) durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei xeral tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia da Deputación Provincial, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 04/07/2023.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadación en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario dos impostos, exercicio de 2023, que se relacionan, empezará a contar o día 15/09/2023 e finalizará o día 15/11/2023, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

- Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana, rústica e características especiais:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Oulol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Xermade e Xove.

- Imposto sobre Actividades Económicas:

Abadin, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourense, Palas de Rei, Pantón, Paradelá, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobrador e remitilo ao Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Lugo, 24 de agosto de 2023.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 04/07/2023.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 2731

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Formada e rendida a Conta Xeral do exercicio 2022 e dictaminada pola Comisión Especial de Contas expónse ó público, xunto co dictame de dita Comisión, na Secretaría do Concello durante o prazo de quince días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante o devandito prazo os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que coiden pertinentes.

Baleira, 8 de setembro de 2023.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2880

CASTRO DE REI

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data 7 de setembro de 2023 o Padrón Tributario das taxas pola prestación dos servizos de Abastecemento de auga, Saneamento e Recollida de lixo e Canon da auga, correspondente ó 1º trimestre de 2023, expónse ó público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP, para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación e as liquidacións consignadas no referido Padrón contributivo e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do Canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, o comprendido entre o 15 de setembro e o 15 de novembro de 2023, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Ó resto seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago en calquera das sucursais bancarias do Concello de Castro de Rei.

A falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Castro de Rei, 7 de setembro de 2023.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2881

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

Con data 24 de agosto do 2023 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 194 publicouse anuncio de información pública do proxecto de Reparcelación da Zona D por un período de quince días.

Procédese á corrección de erro no senso de que a información pública do citado proxecto de Reparcelación da Zona D será por un período dun quince días máis a contar dende a data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Monforte de Lemos, 13 de setembro de 2023.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2912

MONTERROSO*Anuncio*

Por Resolución de alcaldía de data 08/09/2023 , Decreto 2023-0572, aprobáronse as bases reguladoras de selección para axudas a empresas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego, “Camiño de Santiago III”, promovido polo concello de Monterroso, conxuntamente cos concellos de Palas de Rei e Portomarín, para a especialidades formativas de: “actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería”; “actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” e “promoción turística local e información ao visitante”:

BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A EMPRESAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA A FAVOR DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, “CAMIÑO DE SANTIAGO III”, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE MONTERROSO, CONXUNTAMENTE COS CONCELLOS DE PALAS DE REI E PORTOMARÍN, PARA AS ESPECIALIDADES FORMATIVAS DE: “ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA”; “ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES” E “PROMOCIÓN TURÍSTICA LOCAL E INFORMACIÓN AO VISITANTE”.

Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.

- Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen como finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes nos obradoiros duais de emprego, financiados a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.
- O Concello de Monterroso, xunto cos Concellos de Palas de Rei e Portomarín, está a desenvolver o obradoiro dual de emprego “CAMIÑO DE SANTIAGO III”, sendo o Concello de Monterroso o promotor e representante.

O obradoiro dual de emprego “CAMIÑO DE SANTIAGO III” iniciou a súa actividade o día 03/10/2022 e remata o vindeiro 02/10/2023.

A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, concedeu unha subvención por importe de 24.000,00 euros para incentivos á contratación laboral, para as especialidades descritas anteriormente

Anualidade contratacións	Número contratos	Importe da subvención
2023	16	16 x 1.500,00 € = 24.000,00 €

- A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.

4. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, para a ocupación do ámbito da especialidades descritas con anterioridade impartidas no obradoiro de emprego, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial do obradoiro dual de emprego. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.
2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as vinculadas ou dependentes de calquera delas.
3. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:
 - a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
 - b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
 - d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantis ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidade que estableza a normativa vixente.
 - e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.
 - f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
 - g) Non estar ao corrente de pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
 - h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
 - i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
 - j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incurso nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei Orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.
4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.
- 5.
6. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incurso nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable (Anexo I).

Artigo 3. Contia dos incentivos.

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.
2. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100% do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Artigo 4. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 5. Prazos e solicitudes.

1. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no prazo dun (1) mes a contar desde o día seguinte á publicación das bases e convocatoria no BOP de Lugo. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.
2. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como Anexo I, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:
 - a) Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade, así como do representante legal no seu caso.
 - b) Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes da publicación da presente convocatoria, segundo o modelo do anexo I.
 - c) Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda, segundo o modelo do anexo I.
 - d) Certificado de situación censal expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria que indique as actividades económicas nas que está de alta, actualizado.
 - e) Certificado do número de conta a nome da persoa ou entidade beneficiaria, expedido pola entidade financeira onde, de ser o caso, se lle transferirá o importe da subvención concedida.

Artigo 6. Xustificación e pago.

1. De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias. A documentación para presentar é a seguinte:
 - a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo II.

- b) Copia dos contratos de traballo obxecto da subvención.
 - c) Copia dos partes de alta na Seguridade Social xunto co informe de datos de cotización.
 - d) Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos organismos correspondentes, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración públicas da Comunidade Autónoma, nin coas facendas locais dos concellos do ámbito do obradoiro.
2. Non se procederá ao aboamento da subvención no caso de que o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coas facendas locais dos concellos do ámbito do obradoiro, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.
 3. O abono da achega, unha vez aprobada a xustificación da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola persoa ou entidade beneficiaria.

Artigo 7. Obrigas das entidades beneficiarias

Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego.

1. Manter entre o seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto da subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora dos obradoiros duais de emprego no prazo de sete días desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.
2. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciran por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.
3. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.
4. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigación, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 8. Competencia.

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá ás persoas titulares da entidade promotora do obradoiro dual de emprego.

Artigo 9. Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, por orde de entrada no rexistro do Concello de Palas de Rei, e ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Artigo 10. Resolución e recursos.

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.
2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.
4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 11. Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de duración da contratación e a empresa non proceda a substituílo.

Artigo 13. Devolución voluntaria da subvención.

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobada polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total

ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2.-En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificada da devolución voluntaria realizada en que conste a data do ingreso, o seu importe, número de expediente e denominación da subvención concedida.

ANEXO I

AXUDAS A EMPRESAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN	SOLICITUDE
--	-------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		NIF
ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA

TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

MÉTODO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE	ELECTRÓNICA	POSTAL
ENDEREZO ELECTRÓNICO		
ENDEREZO POSTAL		
CÓD. POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

ACTIVIDADE ECONÓMICA	CNAE	
ENDEREZO DA ACTIVIDADE		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
DATA DE ALTA NA SEG. SOCIAL	Nº INSCRICIÓN NA SEG. SOCIAL	DATA DE ALTA NO IAE
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
Nº DE TRABALLADORES DA EMPRESA	Nº DE CONTRATACIÓNS POLAS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN	

DATOS BANCARIOS

TITULAR DA CONTA	Nº DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

SUBVENCIÓN SOLICITADA

Solicítase unha axuda para a contratación de ___persoa/s alumna/s do obradoiro dual de emprego “Camión de Santiago II”, a xornada completa, por un mínimo de 3 meses, das especialidades formativas de “actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería”; “actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” ou “promoción turística local e información ao visitante”

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece as estipulacións da presente convocatoria, que cumpre os requisitos sinalados nas súas bases, que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto indicado e que consente a cesión de datos para os efectos previstos nesta convocatoria.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; especificamente, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
7. Que a entidade solicitante posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
8. Que o persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria é de_____.
9. Non estar excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real Decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- DNI/NIE da persoa solicitante ou representante NIF da entidade solicitante
- Poder para actuar en nome da entidade solicitante
- Certificación bancaria a nome da entidade ou persoa solicitante para o aboamento da subvención

- Certificación censal, expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, que indique as actividades económicas nas que está de alta, actualizado.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “Camilo de Santiago III”.
ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A), (DOG Núm. 46, do 8 de marzo de 2022).

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais, esta Administración infórmalle que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento destes datos teñen como fin o exercicio por parte desta Administración das función e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas á comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como de solicitar, no seu caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación expresa a esta Administración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONTERROSO

ANEXO II**DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DAS AXUDAS SOLICITADAS PARA A MESMA FINALIDADE****DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE**

RAZÓN SOCIAL	NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

Que en relación con outras axudas e subvención concedidas e/ou solicitadas:

- Non solicitou nin, en consecuencia, lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas competentes ou entes públicos nacionais ou internacionais.
- Si solicitou e/ou fóronlle concedidas, nas datas que a continuación se relacionan, a/s seguinte/s axuda/s ou subvención/s para a mesma finalidade:

ADMINISTRACIÓN/ENTE PÚBLICO A QUE LLE FOI SOLICITADA/O A AXUDA OU SUBVENCIÓN	DATA SOLICITUDE	DATA CONCESIÓN (1)	IMPORTE (€)

- (1) Nesta columna consignarase a data de concesión da axuda ou subvención solicitada. Para o caso de estar pendente a súa concesión, indicarase “PENDENTE”, e de ter sido denegada, farase constar “DENEGADA”.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO MONTERROSO

Monterroso, 8 de setembro de 2023.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2883

MURAS

Anuncio

PAULA GOMEZ SOUTO, CONCELEIRA DELEGADA DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto que o Concello de Muras ten previsto realizar durante a celebración da XXXV Feira do Poldro e do Gando un concurso de gandopara dinamización do sector da gandaría en Muras.

Vistas as bases reguladoras obxecto de aprobación e o informe de fiscalización emitido pola Secretaria-Interventora da corporación 2023-0146 de data 08.09.2023.

Considerando as facultades conferidas pola Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de Réximen Local, o Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réximen local, o Real Decreto 2568/1986, de 289 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais, e demais disposicións legais aplicables, polo presente

RESOLVO

PRIMEIRO.- APROBAR as bases reguladoras do concurso de gando na XXXV Feira do Poldro do Concello de Muras, cuxo tenor literal é o seguinte:

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DA FEIRA DO POLDRO E GANDO DO DO MONTE ANO 2023, CONCELLO DE MURAS

Primeiro.- Os premios preséntase cos seguintes obxectivos:

- Dinamizar o sector da gandaría en Muras.
- Promover a exposición dos animais.
- Promover a carne criada en Muras como son a de poldro e a de vacún.
- Promover a compra e venda de gando tanto de residentes como de visitantes.
- Apostar pola profesionalidade do sector gandeiro, incentivando a participación e calidade dos participantes.

Vantaxes de participar:

Para as gandarías

- Contarán con promoción gratuíta dos seus animais podendo alcanzar novos mercados.
- Os premios reflectiranse tanto en carteis publicitarios, prensa e medios de comunicación audiovisual.
- Os animais serán xulgados por profesionais do sector.
- O Concello proporcionará ós participantes a inscrición gratuíta.
- Favorecerase a compra venda, xa que os veterinarios xulgarán os mellores animais da feira.
- Farase entrega de premios ós animais gañadores ó final da tarde.

Para os visitantes asistentes

- Poderán gozar da exposición, coñecendo os animais e gandarías participantes.

Segundo.- Participantes

Nesta edición de premios para a exposición de gando cabalar e vacún participarán todas as persoas físicas e xurídicas que se engloben dentro do ámbito da gandería e que asistan á feira e que queiran participar no concurso para o cal teñen que solicitar expresamente curro e participación no concurso.

Terceiro.- Requisito dos participantes.

Os participantes teñen que ter os animais debidamente documentados.

Quedan excluídos de participación no concurso aquel gando/cabalar cuio uso exclusivo sexa deportivo e/ ou ocio.

Cuarto.- Prazo e lugar de inscrición

As gandarías participantes deben cubrir a solicitude do anexo I que será entregada no rexistro do Concello de Muras, na sede electrónica do Concello de Muras (<https://muras.sedelectronica.gal/>; instancia xeral) ou ben por correo electrónico (administracion@muras.gal) e entregala totalmente cumprimentada desde o día 11 de setembro ata as 14.00 da mañá do día 22 de setembro de 2023.

A inscrición será totalmente gratuíta.

Quinto.- Normas de participación

Os aspirantes ós premios comprométense a cumprir os seguintes requisitos:

- Deberán presentar os seus animais debidamente documentados.
- Os participantes que non soliciten curro no prazo de inscrición, non poderán optar a premios.
- Os animais serán cualificados por veterinarios que seguirán unha táboa de parámetros (*)
- Os animais gañadores recibirán o premio correspondente á súa sección. O premio será entregado mediante cheque nominativo para o cal será indispensable ter aportada copia do DNI xunto ca inscrición.

A decisión do xurado será irrevogable.

Sexto.- Data

O clasificación levarase a cabo durante a mañá do día 24 de Setembro ás 10:30 horas.

Sétimo.- O xurado

O xurado estará composto por Técnicos Veterinarios Cualificados.

Os xuíces identificarán o animal inscrito na participación e acto seguido valorarán o participante cunhas táboas de cualificación para chegar ó veredicto final.

Oitavo.- Premios

Maior número de cabezas de gando

1º: 300€

2º: 200€

3º: 150€

4º: 100€

5º: 75€

Mellor semental cabalar

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

4º: 50€

Mellor egua

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

4º: 50€

Mellor lote cabalar

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

4º: 50€

Mellor cria cabalar do ano

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

4º: 50€

Mellor semental bovino

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

4º: 50€

Mellor vaca

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

4º: 50€

Mellor lote bovino

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

4º: 50€

Mellor cria bovina do ano

1º: 150€

2º: 100€

3º: 75€

4º: 50€

O pago dos premios será mediante cheque nominativo e será entregado no acto de entrega de premios o mesmo día 24 de setembro de 2023.

Noveno.- Aceptación das bases

Unha vez firmada a solicitude de participación os propietarios aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.

Décimo.- Publicación das bases

As bases publicaranse no BOP de Lugo e no taboleiro electrónico do Concello de Muras, Facebook de Concello de Muras e a páxina web www.muras.gal.

O Concello como entidade organizadora resérvase o dereito de admisión á feira.

A Concelleira delegada, Paula Gómez Souto

ANEXO I

FOLLA INCRICIÓN NA XXXV FEIRA DO POLDRO E GANDO DO MONTE CONCELLO DE MURAS

Don/dona con DNI n.º
e domicilio en

Declaro a veracidade dos seguintes datos:

Solicito participar no concurso: SI/NON

Rexistro de Gandería (REGA):

Crotal identificación animal (bovino) ou Microchip (cabalar):

Nome e apelidos do propietario do animal:

DNI:

Teléfono:

Enderezo, localidade, concello, CP:

Autorizo a cesión dos presentes datos ao Xurado Calificador

Acepto as condicións establecidas nas bases.

Asinado, Muras a de setembro de 2023

CATEGORIAS												
	GANDO CABALAR						BOVINO					Maior N.º Cabezas de gando (bovino e equino)
INFORMACIÓN SOBRE OS ANIMAIS	Características desexables (*)	Mellor cría cabalar do ano	Mellor lote cabalar	Mellor egua	Mellor semental cabalar	INFORMACIÓN SOBRE OS ANIMAIS	Características desexables (*)	Mellor cría bovina do ano	Mellor lote bovino	Mellor vaca	Mellor semental bovino	Atende rase unicamente ao maior número de cabezas de gando por lote/curro
RAZA	Cabalo Pura Raza Galega					RAZA	Bovina (Gando do monte)					
DATOS MORFOLÓXICOS	Cabeza proporcionada					DATOS MORFOLÓXICOS	Cabeza proporcionada					
	Perfil recto ou subcónico						Perfil recto ou subcónico xilíneo					
	Orelas						Profundidade, ampulosidade e anchura					
	Órbitas oculares						Lonxitude					
	Ollos						Tipo medio proporcionado					
CAPA	Color negro/castaña					CAPA	Color (teixo)					
	Estrelas						Monocolor					
	Calzado						Degradacións (permitidas)					
							Manchas pelos					

						doutra cor (non desexables)				
ALTURA Á CRUZ (130CM)	Machos					Machos (149cm)				
	Femias					Femias (138cm)				
OUTRAS CARACTERÍSTICAS	Labios gruesos (mechón superior e barba)					Peso machos (1300kg)				
	Cuello. Abundantes crins					Peso femias (600kg)				
	Cruz destacada					Cornos(2) Sen pigmentación unicamente e oscurecemento nas puntas				
	Línea dorso lumbar recta					Forma dos cornos (dirixidos cara adiante e cara arriba)				
	Grupa simple algo inclinada					Torax profundo, largo, arqueado				
	Ventre redondeado					Dorso e lomos anchos e musculados				
	Peito profundo					Muslos, nalgas e pernas convexas, largas				
	Espaldas inclinadas					Esqueleto robusto e ben desenvolvido				

	<p>Extremidades cortas e fortes/ Cañas cortas</p> <p>Casco oscuro, conformación redonda, duro</p> <p>Extremidades con pouca cantidade pilosa e escasas producións córneas</p>										
USOS E SISTEMA EXPLOTACIÓN	Uso (deportivo/ocio, coidado medioambiente/sociocultural)**					USOS E SISTEMA EXPLOTACIÓN	Uso (carne/papel sociocultural e ambiental, explotación familiar e tradicional)**				
	<p>Explotación (extensivo)</p> <p>Outras cualidades (Dócil, noble, intelixente)</p>						<p>Explotación (extensivo)</p> <p>Outros datos sistema explotación (Adaptabilidade/mansedume)</p>				
DATOS PRODUCTIVOS E REPRODUCTIVOS	Condicións manexo (extensivo/alimentación pastoreo)					DATOS PRODUCTIVOS E REPRODUCTIVOS	Condicións manexo (extensivo/alimentación pastoreo)				
	Identificación						Identificación				
	<p>Programa sanitario, desparasitación</p> <p>Reproducción (monta natural)</p>						<p>Programa sanitario, desparasitación</p> <p>Reproducción (monta natural)</p>				

	Intervalo entre partos (390 días)					Intervalo entre partos (473 días)				
	N.º partos ano (0,9)					N.º partos ano (1)				
	Prolificidade (1)					Prolificidade (1)				
	Vida produtiva (10 anos)					Vida produtiva (10,7 anos)				
IDADE (Só se avaliarán os animais adultos. Terase en conta a idade na que os animais acadaron a madurez e a idade ao primeiro parto)	Femias maduras (36 meses)					Femias maduras (17 meses)				
	Machos maduros (36 meses)					Machos maduros (14 meses)				
	Idade ao primeiro parto (48 meses)					Idade ao primeiro parto (27 meses)				

(*) *Indícanse como características desexables as que figuran na presente táboa de Criterios de valoración.*

Os animais avaliaránse de xeito individual asignando unha puntuación nunha escala dende o 1 ao 5 para cada unha das características, sendo 5 o valor asignado no caso de cumprir coa característica desexable e 1 no caso de non cumprir, agás na categoría correspondente ao Maior n.º Cabezas de gando (bovino e equino) onde o único criterio para a valoración será o N.º de cabezas de gando de cada lote/curro.

Para cada un dos animais sumaranse as puntuacións para cada unha das características e ese valor será o valor final válido para a clasificación en cada unha das Categorias, agás na categoría correspondente ao Maior n.º Cabezas de gando (bovino e equino).

(**) *No caso da característica correspondente a Usos e sistema de explotación: Uso (deportivo/ocio, coidado medioambiente/sociocultural) na categoría de Gando cabalar, asignarase o valor 5 aos animais que cumpran un dobre criterio (deportivo/ocio e coidado medioambiente/sociocultural)*

Igualmente na categoría Bovino, no caso da característica correspondente a Usos e sistema de explotación: Uso (carne/papel sociocultural e ambiental, explotación familiar e tradicional), asignarase o valor 5 aos animais que cumpran un dobre criterio (carne e papel sociocultural e ambiental ou explotación familiar e tradicional).

SEGUNDO.- Expoñer ao público as mesmas mediante súa publicación no BOP de Lugo en la sede electrónica do Concello de Muras (<https://muras.sedelectronica.gal>).

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A Concelleira delegada, (Resolución 2023-0413 de data 04.09.2023)

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste

Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

A Secretaria-Interventora, Silvia Lamelas Soto.

R. 2884

Anuncio

PAULA GOMEZ SOUTO, CONCELEIRA DELEGADA DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto que o Concello de Muras ten previsto realizar durante a celebración da XXXV Feira do Poldro e do Gando un concurso de andadura para dinamización do gando cabalar e apostar pola profesionalidade do sector equino, incentivando a participación e calidade dos asistentes.

Vistas as bases reguladoras obxecto de aprobación e o informe de fiscalización emitido pola Secretaria-Interventora da corporación 2023-0147 de data 08.09.2023.

Considerando as facultades conferidas pola Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de Réximen Local, o Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réximen local, o Real Decreto 2568/1986, de 289 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais, e demais disposicións legais aplicables, polo presente

RESOLVO

PRIMEIRO.- APROBAR as bases reguladoras do concurso de andadura na XXXV Feira do Poldro do Concello de Muras, cuxo tenor literal é o seguinte:

BASES REGULADORAS DAS CARREIRAS DE ANDADURA LIBRE DA FEIRA DO POLDRO E GANDO DO MONTE – SETEMBRO DE 2023

Primeiro.- Dende o concello de Muras foméntase a organización deste evento co fin de alcanzar e promover os seguintes obxectivos:

- Dinamizar o gando cabalar.
- Promover a exposición dos animais.
- Promover o turismo en Muras.
- Promover a compra venda de gando tanto de residentes como de visitantes.
- Apostar pola profesionalidade do sector equino, incentivando a participación e calidade dos asistentes.

Segundo.- Participantes

Nas carreiras da “Feira do poldro e de gando de monte” de Muras poderán participar todos aqueles propietarios que desexen formar parte do acontecemento.

No caso de participación de menores de idade, debe aportarse documento autorización materna, paterna, titor/a legal debidamente cuberta e asinada.

Terceiro.- Prazo e lugar de inscrición

Os corredores participantes deben cubrir a solicitude anexa nestas bases (no caso de menores de idade tamén autorización materna, paterna, titor/a legal) no rexistro do Concello de Muras, a través da sede electrónica do Concello de Muras (<https://muras.sedelectronica.gal>) ou ben no correo electrónico administración@muras.gal, durante o período comprendido entre o 11 e o 21 de setembro de 2023.

O día da carreira os participantes deberán asinar e presentar o DOCUMENTO DE DESCARGO DE RESPONSABILIDADE, que se anexa con estas bases.

A inscrición será totalmente gratuíta.

Cuarto.- Normas de participación

- Haberá catro carreiras

Andadura libre serrada <1,51 m	Andadura chapeada <1,51 m	Andadura libre serrada >1,51 m	Andadura chapeada >1,51 m
-----------------------------------	------------------------------	-----------------------------------	------------------------------

- Os participantes teñen que ter os animais debidamente documentados no momento de presentar a inscrición de participación.

- A medición de corte para todas as probas do día será de 1.51 m con ferraduras.

- Os cabalos federados que dispoñan do documento que acredite a medida de menos de 1.51m non terán que medir.
- Deberán presentar os animais en pista equipados para a carreira, e deberán gardar a maior distancia de seguridade posible ó resto de participantes.
- Calquer cabalo que se desboque ou mostre indicios de poder ser un perigo na pista poderá ser eliminado da competición pola organización ou polos xuíces.
- Todos os cabalos deberán ter seguro e documentación en vigor.
- Deberán presentar o seguro de responsabilidade civil en vigor.
- Cada xinete farase responsable dos danos causados polos seus animais.
- A organización poderá cambiar, xuntar ou anular probas se non hai suficientes cabalos.
- Uso obrigatorio de casco.
- O mal uso da fusta ou da espuela serán motivo de eliminación.
- A decisión do xurado será irrevogable.

Quinto.- Data de celebración das probas

A presentación da carreira celebrarase ás 15:30 horas do día 24 de Setembro, xa que a primeira carreira comezará ás 15:45 horas.

Sexto.- O xurado e clasificación

O xurado estará composto por tres membros e serán ademais os encargados de organizar as carreiras. Dos membros do tribunal o Presidente será Xuíz Federado.

Sétimo.- Premios

Os premios aos que aspiran os participantes son:

	Andadura libre serrada <1,51m	Andadura chapeada <1,51m	Andadura libre serrada >1,51m	Andadura chapeada >1,51m
1º	150 €+ trofeo	150 €+ trofeo	150 €+ trofeo	150 €+ trofeo
2º	100 € + trofeo	100 € + trofeo	100 € + trofeo	100 € + trofeo
3º	75 €+ trofeo	75 €+ trofeo	75 €+ trofeo	75 €+ trofeo
4º	50 €+ medalla	50 €+ medalla	50 €+ medalla	50 €+ medalla
5º	30 €+ medalla	30 €+ medalla	30 €+ medalla	30 €+ medalla

O pago dos premios será mediante cheque nominativo e será entregado no acto de entrega de premios o mesmo día 24 de setembro de 2023.

Oitavo.- Aceptación das bases

Unha vez firmada a solicitude de participación os propietarios aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.

Noveno.- Publicación das bases

As bases publicaranse no BOP de Lugo e no taboleiro electrónico do Concello de Muras, Facebook de Concello de Muras e a páxina web www.muras.gal.

O Concello como entidade organizadora resérvase o dereito de admisión ás carreiras.

A Concelleira delegada, Paula Gómez Souto

ANEXO I

FOLLA INSCRICIÓN PARTICIPACIÓN CARREIRA ANDADURA XXXV FEIRA DO POLDRO E GANDO DO MONTE.

Modalidades de carreira para marcar (marcar con X a modalidade na que participará).

Andadura libre serrada <1,51m	Andadura chapeada <1,51m	Andadura libre serrada >1,51m	Andadura chapeada >1,51m

Nome do cabalo:

Nº de transpondedor/microchip:

Nº Permanente Único (NPU):

Rexistro de Gandería (REGA):

Raza que figura no libro de identificación:

Nome do xinete:

DNI

Teléfono

Enderezo, localidade, concello, CP

Matrícula do remolque.:

Declaro a veracidade dos datos obrantes nesta folla de inscrición

Autorizo a cesión dos presentes datos ao Xurado Calificador

Declaro que dispoño de seguro en vigor do meu cabalo/egua para poder participar nas carreiras de andadura e responsabilízome de todos os danos causados polos meus animais.

Acepto as condición establecidas nas bases.

Asinado, Muras a de setembro de 2023

(A folla de inscrición debe acompañarse cunha copia do DNI)

DOCUMENTO DE DESCARGO DE RESPONSABILIDADE

Don/dona con D.N.I. mediante o presente documento recoñezo, entendo e DECLARO:

- 1.- Que participo no evento “CARREIRAS DE ANDADURA DA XXXV FEIRA DO POLDRO E GANDO DO MONTE” en Muras, voluntariamente e baixo a miña propia responsabilidade.
- 2.- Que me comprometo a aceptar e cumprir as normas e protocolos establecidos pola organización, así como de manter un comportamento responsable que non aumente o risco tanto para a miña integridade física ou psíquica, como para a de todos os participantes e/ou asistentes no evento. Seguirei as instrucións e acatarei as decisións que tome a organización. Do mesmo xeito, fágome responsable das accións e/ou comportamentos das persoas que monten os meus cabalos.
- 3.- Que teño contratado un seguro de Responsabilidade civil e asumo toda a responsabilidade dos accidentes que poidera causar eu ou os meus cabalos a calquera participante da proba e/ou a terceiras persoas.
- 4.- Que eximo de responsabilidade a calquera persoa física ou xurídica vinculada coa organización deste evento, por calquera dano físico e/ou material hacia a miña persoa, así como de responsabilidades derivadas de calquera posible accidente que afecte a terceiras persoas.
- 5.- Que autorizo ós servizos médicos do evento a que fagan calquera cura ou proba que poida necesitar, estando ou non en condicións de solicitala. Comprometendome a abandonar a proba se eles o solicitan.
- 6.- Que os meus cabalos gozan de un estado de saúde óptimo e unhas condicións físicas e de entreno boas para participar na proba sen poñer en risco a integridade física do animal.
- 7.- Que eu como participante, declaro estar en condicións físicas óptimas, que teño suficiente preparación ou capacitación para participar nesta actividade e que non fun recomendado por un profesional médico cualificado para non participar e que non hai motivos ou problemas relacionados coa miña saúde que me impidan participar no evento e o fago baixo a miña propia responsabilidade.
- 8.- Que autorizo á organización a facer e utilizar calquera fotografía e/ou gravación de vídeo que se faga, sempre e cando esté exclusivamente relacionada coa miña participación en este evento, e non recibir ningún tipo de contraprestación a cambio.

En Muras a __ de Setembro de 2023

Sinatura

AUTORIZACIÓN PATERNA/MATERNA/TITOR-A legal para participación de menores en carreira de andadura na XXXV FEIRA DO POLDRO E GANDO DO CONCELLO DE MURAS

D./Dna: con DNI como pai/nai/titor/a do menor: con DNI:(se ten) con data de nacemento:/...../.....

autorizo baixo a miña responsabilidade por medio do presente escrito a participar no evento “carreira de andadura”, aceptando a normativa e condicións da mesma, recoñecendo expresamente que se atopa en condicións físicas adecuadas para a participación en dita carreira e eximindo de toda responsabilidade aos organizadores, colaboradores e voluntarios en canto ao desenvolvemento das súas funcións refírese.

Así mesmo DECLARO

1. Que coñezo e acepto integramente o Regulamento da Proba e as Regras e Normas que rixen ditas carreiras.
2. Que o/os meu/us representado/os/as atópase/nse, en condicións físicas adecuadas e suficientemente adestrado/a, adestrados/as para participar voluntariamente nesta Actividade.
3. Que o/os meu/us representado/os/as, non padecen, enfermidade, defecto físico ou lesión que poida agravarse e prexudicar gravemente a saúde ao participar nesta Actividade.
4. Que se o/os meu/us representados/as padecesen, algún tipo de lesión, defecto físico ou calquera outra circunstancia que puidese agravarse ou prexudicar gravemente a saúde, ao participar nesta Actividade, poñereino en coñecemento da Organización, aceptando as decisións que respecto diso se adopten polos/as responsables da Proba.
5. Autorizo á Organización do Evento para usar calquera fotografía, filmación, gravación ou calquera outra forma de arquivo da participación do/os me/us representados/as, neste evento, sen dereito a contraprestación económica.

Lin e acepto o prego de descargo.

En Muras, a de setembro de 2023

Asina pai/nai e/o titor/a legal.

Débese achegar fotocopia do DNI do pai/nai/titor/a e DNI do menor

SEGUNDO.- Expoñer ao público as mesmas mediante súa publicación no BOP de Lugo en la sede electrónica do Concello de Muras (<https://muras.sedelectronica.gal>).

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A Concelleira delegada, (Resolución 2023-0413 de data 04.09.2023)

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

A Secretaria-Interventora, Silvia Lamelas Soto.

R. 2885

POL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 13 de setembro de 2023, aprobáronse as bases para a renovación e incorporación de novo persoal na bolsa de emprego para postos de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Pol. As bases reguladoras estarán expostas na páxina web e na sede electrónica do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

Pol, 13 de setembro de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2913

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2023/246, de data 31 de agosto, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2023, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 31 de agosto de 2023.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2886

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2023/247, de data 31 de agosto, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de xullo de 2023, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 31 de agosto de 2023.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2887

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : **V/27/00063K-1**
PETICIONARIO : Ayuntamiento de O Corgo
VERTIDO
DENOMINACIÓN : Parque Empresarial de O Corgo y núcleo de Serín
LOCALIDAD : Serín, O Corgo
TÉR.M. MUNICIPAL : O Corgo
PROVINCIA : Lugo
RÍO/CUENCA : Rego de Mazandán/Mazandán

El Ayuntamiento de O Corgo solicita la modificación de la autorización de vertido de las aguas residuales industriales de "Parque Empresarial de O Corgo y núcleo de Serín" - "Ayuntamiento de O Corgo", consistente en el incremento de caudal de vertido en el Vertido 2: NO2701574 Proceso_Parque Empresarial O Corgo, pasando de un vertido diario de 13,5 m3/día a 24 m3/día.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Desbaste manual y automático
- Separador de grasas
- Tratamiento biológico de aireación prolongada
- Arqueta de cloración
- Arqueta de toma de muestras

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 7 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2888

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/41396**

El Servicio de Patrimonio Natural de la Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, con N.I.F. nº: * ***1001* solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la ejecución del proyecto "ACTUACIÓN DE CONSERVACIÓN DE LA RESERVA DE LA BIOSFERA RIBEIRA SACRA E SERRAS DO ORIBIO E COUREL CON CARGO AL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA (PRTR)" en los TT.MM. de Bóveda, Carballedo, Chantada, Folgoso do Courel, O Incio, Monforte de Lemos, Pantón, Paradela, Pobra do Brollón, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Triacastela (Lugo) y Caldelas, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Peroxa, A Teixeira (Ourense).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se

consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de A Pobra do Brollón, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 7 de marzo de 2023.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2889

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/40001-2

El Club Fluvial de Monforte de Lemos., con N.I.F ****0884*, solicita autorización para efectuar obras sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la instalación de un pantalán en el río Cabe, en el Club fluvial de Monforte de Lemos, T.M. de Monforte de Lemos (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Monforte de Lemos, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Lugo, 30 de agosto de 2023.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2890

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – BEGONTE

Anuncio

Extracto da Resolución da Alcaldía do 8 de setembro de 2023 polo que se aproban as Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do obradoiro dual de emprego “CUMES DÁ TERRA CHÁ VI” Concellos de Begonte - Rábade - Friol

BDNS (Identif.): 715799

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/715799>)

1. Poderán ser entidades beneficiarias cos incentivos a contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de ben, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida nos talleres duais de emprego, é dicir, que a actividade estea relacionada coas especialidades de “ Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización” (EOCB0209) ou con “Revestimentos con pezas ríxidas por adherencia en construción” (EOCB0310), e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos talleres duais de emprego. No caso de sociedades civís, comunidades de ben e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha/unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir os deberes que, como

beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme unha/unha parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder as axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades na que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño , de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que neste adquirise eficacia un convenio estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha débeda coa Administración Autonómica nos ter regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente no pago de deberes por reintegro de subvencións nos ter regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo , reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaía resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto .

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

Segundo. Finalidade:

Facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes nos talleres duais de emprego, financiados a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencións a talleres duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pertencente á Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, neste caso será para o alumnado do Obradoiro de Emprego CUMES DÁ TERRA CHÁ VI, que finalicen o Taller co resultado de apto/a.

Terceiro. Bases reguladoras:

Resolución da Alcaldía, de 8 de setembro de 2023.

Cuarto. Importe:

Os contratos temporais incentivaranse cunha/unha subvención de 1.500 euros por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa/a xornada completa.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Dez días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Lugo

Begonte, 8 de setembro de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2891
